25 DE NOVEMBRO: *VALDOVIÑO Contra as violencias machistas*

Como cada 25 de novembro, o Concello de Valdoviño súmase ao movemento da reivindicación social e feminista, expresando o seu rexeitamento a calquera das múltiples manifestacións das violencias contra as mulleres.

Hoxe como cada ano, como cada día, as mulleres pisan forte e din non contra a discriminación á que son sometidas. Berran alto, seguras, son combativas e valentes.

Posuímos toda unha historia dun heteropatriarcado que foi normalizado e aceptado, foi incluso institucionalizado e hoxe en día observamos, no ámbito político, a grupos que defenden o uso do poder dominante masculino, amenazando con vulnerar e restrinxir os dereitos das mulleres e nenas.

Mentres siga a existir un discurso que poña en dúbida o valor das mulleres nos seus postos de traballo; mentres sigan a existir manadas que agreden e son as mulleres vítimas as cuestionadas socialmente dun xeito aberto e cruel; mentres haxa nenos que son obxecto de burla por amosar as súas emocións ou nenas que se ven privadas de ocupar libremente os espazos da súa escola, temos que seguir. Non hai opción a parar.

Tamén temos que celebrar que existen cambios significativos. Cada día sumamos voces que denuncian e rexeitan as desiguladades por cuestión de xénero, persoas que identifican e corrixen os micromachismos case invisibles, veciños e veciñas que recriminan a quen ten comportamentos ou respostas de control e desprecio ás súas parellas.

A persistencia da violencia de xénero debe facer reaccionar aos poderes públicos para seguir avanzando no recoñecemento da súa existencia, desenvolvendo políticas públicas dotadas de recursos humanos e materiais que supoñan un cambio profundo na nosa sociedade.

Desde o Concello de Valdoviño sabemos que hai moitos frontes municipais aos que prestar atención, mais entendemos que a loita para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a erradicación das violencias machistas debe ser real e efectiva, con dotación de recursos e compromiso constante.

"Ella es el resultado de andar por el mundo sin permitir que nadie pise tu sombra"

(Loreto Sanchez Seoane, 1989)

"SOMOS E CONTAMOS", PROGRAMA MUNICIPAL DE IGUALDADE E PREVENCIÓN DE VIOLENCIAS MACHISTAS.